



A vicepresidenta do Parlamento de Galicia avoga por unha “solución política liderada pola ONU” para poñer fin ao conflito do Sáhara

- **Representantes de 11 parlamentos autonómicos españois participan na “XX Conferencia dos intergrupos parlamentarios ‘Paz e Liberdade para o pobo saharauí’” que se celebra hoxe na Cámara galega**

Santiago, 5 de marzo de 2016.- A vicepresidenta primeira do Parlamento de Galicia, Marta Rodríguez Arias, afirmou hoxe, na inauguración da “XX Conferencia dos intergrupos parlamentarios ‘Paz e Liberdade para o pobo saharauí’”, que se celebra na Cámara galega, que “todos compartimos o desexo de un futuro de paz e oportunidades” para o pobo do Sáhara Occidental.

Rodríguez Arias avogou por “un futuro que pode e debe descorrer da man dunha solución política liderada pola ONU, aceptada polas partes implicadas no conflito e que desemboque na libre determinación” do pobo saharauí.

Considera a vicepresidenta da Cámara legislativa galega que España debe aproveitar as tradicionais relacións de boa veciñanza con Marrocos para “contribuír a que o conflito do Sáhara Occidental se solucione de maneira satisfactoria”.

Recordou tamén tamén Rodríguez Arias as duras condicións de vida dos refuxiados saharauís, que “seguen precisando na nosa atención e axuda: a cooperación oficial, pero tamén a cooperación canalizada a través das diferentes organizacións non gobernamentais”.

A XX Conferencia dos Intergrupos Parlamentarios ‘Paz e Liberdade para o Pobo Saharauí’” reúne hoxe na sede do Parlamento de Galicia a representantes de 11 parlamentos autonómicos españois:



Cortes de Castela-A Mancha, Parlamento de Navarra, Parlamento Vasco, Parlamento de Cantabria, Parlamento de Canarias, Cortes de Castela e León, Cortes de Aragón, Cortes Valencianas, Asemblea de Madrid, Asemblea de Murcia e Parlamento de Galicia.

No acto inaugural, ademais da vicepresidenta do Parlamento, tomou tamén a palabra o coordinador dos Intergrupos e deputado do Parlamento Vasco, Carmelo Barrio Baroja.

Axuda humanitaria

De seguido, na primeira sesión de traballo da Conferencia, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta, Jesús Gamallo, destacou que a celebración desta Conferencia é o marco idóneo para poñer en valor o compromiso do Goberno galego coa poboación saharauí, un compromiso que se ven demostrando desde hai xa once anos a través do envío continuado de axuda humanitaria aos Campamentos de Refuxiados Saharauís, en forma fundamentalmente de axuda alimentaria, do envío de material médico e sanitario e do financiamento das “comisións médicas” que achegan a Galicia a testemuña directa da realidade nos campamentos a través do persoal sanitario trasladado.

Ese compromiso é a razón de que a poboación dos Campamentos Saharauís tivera sempre a consideración de “prioritaria” dentro da planificación de actuacións da Cooperación Galega. No cómputo xeral, a Cooperación Galega destinou nos últimos anos un total de 911.509,70 euros ao financiamento de actividades nos Campamentos saharauís, fundamentalmente no ámbito da axuda sanitaria e de emerxencia alimentaria, aínda que tamén se financiaron proxectos de enerxía renovable, segundo Gamallo.

Programa



Nesta primeira sesión de traballo, tamén participa o delegado saharauí en Galicia, Habibulah Mohamed; e a representante das asociacións galegas de amigos e amigas do Pobo Saharauí, Maite Isla Aviión.

Esta mesma mañá, na segunda sesión de traballo, intervirán o presidente de la Federación Estatal de Institucións Solidarias co Sáhara, Carmelo Ramírez Marrero; o presidente da Asociación Internacional de Xuristas polo Sáhara Occidental, Felipe Briones Vivas; e a delegada da RASD en España, Jira Balahi.

Xa pola tarde, os participantes nesta Conferencia abordarán as actividades a desenvolver polos Intergrupos parlamentarios durante o ano 2016 e a coordinación dos mesmos. Tamén elaborarán un documento de conclusións.

Saúdos,
Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.